



INFORME PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DA CORUÑA

Primeiro.- O artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Correspóndelle ao Estado establecer as normas conforme ás cales se confeccionarán as relacións de postos de traballo, a descrición dos postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente no que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.

Segundo.- De conformidade co artigo 127.1.h. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, redactado conforme ao disposto na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno, con carácter indelegable, entre outros, a adopción de acordos sobre a aprobación das relacións de postos de traballo (en adiante, RPT) e as retribucións do persoal.

Terceiro.- As RPT configúranse como instrumentos técnicos de carácter público de planificación esencial, que inclúen todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral dunha administración pública. A través da RPT, as administracións públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, coa finalidade de organizar, racionalizar e ordenar o persoal, facilitando así unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Pola súa banda, as Normas de Xestión constitúen un documento complementario para a aplicación da RPT. Configúranse como un texto articulado no que se desenvolven todos os aspectos relativos a cada posto de traballo, aclarando as referencias e abreviaturas empregadas, os principios organizativos (de dependencia xerárquica e/ou funcional), tipos de funcións asignadas, tipos de postos, relación entre postos e prazas, determinación dos elementos retributivos, etc.

A determinación das funcións correspondentes a cada posto de traballo establécese no Manual de Funcións. Neste manual descríbense, con carácter xeral e específico, as funcións atribuídas a cada posto, sen prexuízo das atribucións temporais que se poidan autorizar.

Cuarto.- A RPT, na redacción vixente, foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 07/08/2020 (BOP número 133, de 19/08/2020; corrección de erros BOP número 169 do 09/10/2020); e cunha modificación puntual aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 29/04/2022 (BOP número 84, de 04/05/2022).



Quinto.- Na modificación da Relación de Postos de Traballo e das súas normas de xestión, aprobada definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 07/08/2020, se incluían, entre outras, as seguintes modificacións:

➤ **Creación dun novo servizo: Servizo de Economía.**

No que, ademais da xustificación da necesidade da súa creación, constan as funcións que se lle encomendan:

- 1. Xuntar a información sobre a actividade económica do Concello e da cidade, e proxectar os impactos das políticas municipais no conxunto da área de influencia da Coruña.*
- 2. Prestar a asistencia que poda requirirse ao servizo para a análise e a planificación da actividade estratéxica económica do Goberno local.*
- 3. Analizar e informar o conxunto das iniciativas e proxectos de promoción económica efectuados polas áreas municipais e a incidencia e efectos sobre as políticas xerais de desenvolvemento local.*
- 4. Realizar propostas para incrementar a dixitalización da economía local, a investigación e a innovación.*
- 5. Monitorizar as intervencións municipais nas áreas e polígonos comerciais e industriais para satisfacer as necesidades das mesmas e promover a modernización.*
- 6. Programar controis de eficiencia e eficacia sobre os servizos e concesións municipais que realizan unha actividade económica, sen prexuízo das funcións que lle corresponden á Intervención Xeral e con coñecemento desta a efectos de programar unha coordinación das mesmas, se procede.*
- 7. Informar sobre os plans estratéxicos e de investimento dos servizos de xestión directa ou indirecta do propio Concello.*
- 8. Identificar sectores empresariais estratéxicos da cidade e propoñer actuacións para mantelos e potencialos anticipando os riscos de peche ou deslocalización. Estudar o apoio e propostas de creación de clústeres entre eles.*
- 9. Informar acerca da oportunidade e efectos sobre a actividade económica xeral das propostas de utilización de bens de dominio público ou patrimoniais do Concello para destinalos a unha actividade económica na que participe a iniciativa privada, sempre que teña unha duración maior de cinco anos.*
- 10. Fomentar a aplicación dos principios e políticas definidos como centrais no conxunto das actividades de carácter económico, localizando os riscos e condutas contrarias aos mesmos, especialmente no relativo á igualdade e non discriminación, sustentabilidade e protección do medio ambiente, xustiza social, defensa dos dereitos laborais ou solidariedade.*
- 11. Apoiar a creación ou a participación en redes para a consecución destes obxectivos e controlar o funcionamento das existentes e das que se podan crear, para cumprir os fins que xustifican a participación do Concello.*
- 12. Impulsar accións para a internacionalización da economía local e estudar e suxerir actuacións que podan resultar atractivas para o investimento foráneo.*
- 13. Participar na solicitude, presentación e execución de programas financiados con fondos da Unión Europea, atendendo especialmente á oportunidade e á adecuada utilización destas ferramentas.*



Os postos de traballo dos que dispón o Servizo de Economía son os seguintes:

Servizo	Cod.U.Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Grupo	Nivel	Esc	Elem.Esp	Prov
Economía	EC0000	Economía	2175	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	FR14 ED	CE
Economía	EC0000	Economía	2176	Xef. de Sección	1	A1/A2	24	AG	FR11	C
Economía	EC0000	Economía	2177	Astte Admón.	1	C1/C2	18	AG	FR06	C
Economía	EC0000	Economía	2178	Of. admvo	1	C1/C2	16	AG	FR04	C

➤ **Cambio de denominación do Servizo de Inspección de Servizos e Calidade, que pasa a denominarse Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos.**

As atribucións deste servizo concréntanse nas seguintes:

1. Plan estratéxico de subvencións.
2. Observatorio da calidade dos servizos municipais.
3. Plan anual de contratación.
4. Plan anual de igualdade.
5. Estudo de custes para a contratación administrativa e calquera outro que sexa requirido.
6. Políticas para a mellora da calidade dos servizos públicos estratéxicos, con procesos e procedementos a implantar.
7. Plan Normativo Municipal, coordinación e calidade dos instrumentos normativos municipais.
8. Proxectos de disposicións de carácter xeral e instrucións de servizo relacionadas cos instrumentos de planificación interna.
9. Calquera outro instrumento de planificación que lle encomende a Dirección política e/ou o órgano directivo.

Para adaptarnos á configuración actual do reparto de atribucións, funcións e cometidos, é necesario matizar unha das atribucións, a número 4, de forma que quedaría redactada así:

4. Colaborar cos Servizos de Recursos Humanos e Igualdade e Diversidade no desenvolvemento e seguimento do Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña.

Os postos de traballo dos que dispón o Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos son os seguintes:

Servizo	Cod.U.Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc	Elem. Esp.	Prov
Planif e Calid. Serv	IS0000	Planif e Calid. Serv	194	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	FR14 ED	CE
Planif e Calid. Serv	IS0000	Planif e Calid. Serv	195	Xef. de Departamento	1	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED	C
Planif e Calid. Serv	IS0000	Planif e Calid. Serv	196	Xef. de Sección	1	A1/A2	24	AG/AE	FR11	C
Planif e Calid. Serv	IS0000	Planif e Calid. Serv	197-198	T.M. Ctról.Xest.	2	A2	22	AG/AE	FR09 ED	C
Planif e Calid. Serv	IS0000	Planif e Calid. Serv	199	Of. admvo	1	C1/C2	16	AG	FR04	C

Sexto.- Para adaptarnos ás necesidades actuais de xestión da organización municipal é necesario incrementar as funcións que se lle atribúen ao Servizo de Economía así como modificar a súa denominación, de forma que pasará a denominarse Servizo de Economía e Investimentos, engadindo as seguintes funcións:

- 14.- Busca activa de investimentos públicos e privados para a cidade.
- 15.- Coordinar a busca de investimentos para a cidade cos distintos servizos, nomeadamente aqueles con incidencia na economía e na facenda local.
- 16.- Procurar a análise económica e social das accións de goberno, con perspectiva socialmente responsable, dixital, sostible, verde e azul, circular...



En consecuencia, a estrutura dos postos de traballo dos que dispón o Servizo de Economía e Investimentos queda da seguinte forma:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot	Grupo	Nivel	Esc	Elem. Esp.	Prov
Economía e investimentos	EC0000	Economía	2175	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	FR14 ED	CE
Economía e investimentos	EC0000	Economía	2176	Xef. de Sección	1	A1/A2	24	AG	FR11	C
Economía e investimentos	EC0000	Economía	2177	Astte Admón.	1	C1/C2	18	AG	FR06	C
Economía e investimentos	EC0000	Economía	2178	Of. admvo	1	C1/C2	16	AG	FR04	C

Sétimo.- No artigo 17 das Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo vixente, en relación ás formas de provisión dos postos de traballo, establécense criterios de excepcionalidade e funcións que determinan as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, co seguinte contido:

Esta columna informa sobre a forma de provisión dos postos: por concurso ordinario (C), concurso específico (CE), nomeamento polo pleno (NP) ou por libre designación (LD), o cal haberá de reflectirse nas bases da convocatoria que corresponda.

Para iso, terase en conta o seguinte:

1. A regra xeral é o concurso ordinario.

2. O concurso específico, de acordo co contido do artigo 91.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG) e do artigo 20 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, é a forma de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, salvo aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

3. Son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior.

4. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes:

A) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os/as responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario/a, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

1. Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.

2. Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno local.

3. Responsables da preparación da orde do día e das convocatorias e documentación dos expedientes que se eleven ao pleno e á Xunta de Goberno Local.

4. Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

B) Especial responsabilidade por exercer a representación institucional do Concello, que vén determinada porque se esixe que o/a empregado/a público/a actúe como substituto/a do representante institucional e que teña, por tanto, que coñecer, asumir e difundir as propostas de actuación do Goberno municipal. Este criterio afecta aos casos de substitución dun alto cargo nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade deste/a, a condición de que non exista un cargo intermedio.



C) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten aos dereitos das persoas. A coordinación ou dirección de funcionarios/as que, como titular dun posto, exerce sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia.

D) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais de niveis medio e alto, segundo a clasificación establecida nos apartados 2 e 3 do artigo 81 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, modificada posteriormente pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

E) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado. Este criterio afecta os casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións para a elaboración de instrumentos de organización, de carácter económico e de planeamento e ordenación.

F) A cualificación profesional especial requirida para o desempeño de determinados postos de traballo por razóns de calidade artística ou de recoñecida autoridade e experiencia en áreas de coñecemento de ámbito municipal.

G) Os de xefatura de servizo ou equivalentes nos que veña determinado por lei, como no suposto do artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, de nomeamento do xefe/a do Corpo da Policía local.

H) Aqueles órganos directivos da Administración Municipal citados no artigo 125.1.B do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, aprobado polo pleno en sesión celebrada o 2 de novembro de 2004 (BOP de 13/12/2004), que deban ser nomeados polo sistema de libre designación, tal e como se establece nos artigos 71, 133, 137 e 138 do citado Regulamento.

Son os postos seguintes:

1. Secretario/a xeral do pleno.
2. O/a oficial/a maior.
3. O/a interventor/a xeral municipal.
4. O/a tesoureiro/a xeral.

I) Os das Secretarías de Alcaldía, concelleiros/as e dos órganos directivos ou superiores, por ser de especial confianza.

Oitavo.- No artigo 78 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, recóllense os principios e procedementos de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira, establecéndose, entre outros, os seguintes:

1. As Administracións Públicas proverán os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
2. A provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.



No artigo 80.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, sinálase que as leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do presente Estatuto establecerán os criterios para determinar os postos que, pola súa especial responsabilidade e confianza, poidan cubrirese polo procedemento de libre designación con convocatoria pública.

O artigo 88 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), en relación aos principios xerais dos procedementos ordinarios de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira, establece o seguinte:

“1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse de forma ordinaria polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación con convocatoria pública, de acordo co que figure na Relación de postos de traballo e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2. As convocatorias para prover postos de traballo polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación, así como as respectivas resolucións, deberán publicarse no diario oficial correspondente polo órgano competente para efectuar as adxudicacións dos postos”.

No artigo 91.1 da LEPG, en relación co concurso específico, sinala o seguinte:

“1. O concurso específico aplicarase como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo. As xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, salvo aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública”.

En canto á provisión por libre designación, o artigo 92 da LEPG, establece o seguinte:

“1. A libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos/das candidatos/as en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

2. Soamente poden proverse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente”.

Por conseguinte, de forma excepcional, pódense prover polo procedemento de libre designación aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Así, no artigo 17 das Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo vixente recóllense os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación, entre os que se atopa o criterio da especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado. Este criterio afecta aos casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións para a elaboración de instrumentos de organización, de carácter económico e de planeamento e ordenación.

Este criterio cúmprese plenamente segundo a relación de funcións que teñen encomendados os postos das Xefaturas de Servizo de Economía e Investimentos e de Planificación e Calidade dos Servizos.



Noveno.- En consecuencia, propónse a modificación da forma de provisión dos postos da Xefatura do Servizo de Economía e Investimentos e da Xefatura do Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, en base aos seguintes argumentos.

No apartado 3.e) do artigo 17 das Normas de Xestión da Relación de Postos de Traballo, recóllese como criterio de excepcionalidade para a provisión de postos de traballo por libre designación o seguinte:

Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado. Este criterio afecta os casos de responsabilidade directa sobre a toma de decisións para a elaboración de instrumentos de organización, de carácter económico e de planeamento e ordenación.

- Polo que respecta ao Servizo de Economía e Investimentos, nas funcións do posto de traballo da Xefatura do Servizo de Economía e Investimentos, recollidas na memoria xustificativa que consta no expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 07/08/2020, e as incrementadas nesta proposta no apartado sexto en relación aos investimentos, inclúense funcións que encaixan cunha especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas para a procura de investimentos e tamén con ocasión da elaboración de instrumentos de programación, planificación e organización cun contido de fondo ou material, con diversas alternativas igualmente válidas, sempre que se xustifiquen, e propias do exercicio das potestades administrativas discrecionais, de modo que se cumpre a condición necesaria para que a forma de provisión deste posto sexa polo procedemento de libre designación. As funcións deste posto de traballo deberán de coordinarse con outras xefaturas da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, resultando fundamental a perspectiva económica, no marco xeral da economía socialmente responsable, dixital, sostible, verde e azul, circular, etc.

Esta perspectiva, xunto ao coñecemento dos distintos eixes económicos, orzamentarios e de axudas públicas procedentes de todos os niveis do poder político, incluído o da Unión Europea, deberá canalizarse para axudar e colaborar directamente na toma de decisións dos distintos órganos directivos e políticos municipais, debendo preservar a necesaria confidencialidade no proceso de toma de decisións nestas materias estratéxicas.

Por outra banda, no informe proposta e memoria xustificativa que deu inicio ao expediente de creación deste posto, asinado pola Dirección e co visto e praxe da persoa titular da concellaría, xa se recollía a libre designación como forma de provisión deste posto.

- En canto ao Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, nas atribucións que constan na proposta de modificación no expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 07/08/2020, relativas ao cambio de denominación do Servizo de Inspección de Servizos e Calidade, pasando a denominarse Planificación e Calidade dos Servizos, tamén encaixan nunha especial responsabilidade. Responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos, en aplicación de criterios e directrices políticas, con desenvolvemento de potestades e instrumentos de autoorganización, programación e planificación, xa que ten, entre outras, atribucións para a realización do plan estratéxico de subvencións, do plan anual de contratación, do plan normativo municipal, dos proxectos de disposicións de carácter xeral e instrucións de servizo relacionadas cos instrumentos de planificación interna e observatorio da calidade dos servizos municipais, polo que se cumpre a condición necesaria para que a forma de provisión deste posto sexa polo procedemento de libre designación.

Neste sentido, ambas xefaturas conforman postos de orde administrativo, cuxas funcións e cometidos resultan especialmente acaídos para desenvolver as potestades regulamentarias, de autoorganización, programación e planificación que o artigo 4 da LBRL atribúe aos municipios.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Polo que ás condicións e características se refire dos postos de traballo de Xefatura do Servizo de Economía e Investimentos e do Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos quedan da seguinte forma:

Servizo	Cod.U.Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escal a	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Economía e Investimentos	EC0000	Economía	2175	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	F			FR14 ED	N	LD	N	TD
Planificación e Calidade dos Servizos	IS0000	Planif e Calid. Serv	194	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	F			FR14 ED	N	LD	S	TD

Décimo.- Por outra banda, o desenvolvemento e a execución das ofertas de emprego público pendentes fan necesaria a adaptación da dotación dalgúns postos de traballo ao número das prazas ofertadas. Entre outras circunstancias, debido a que, ao estar pendente de resolución o concurso 1/19, non se poden liberar postos que están reservados a persoas que ocupan provisionalmente outro posto, polo que é necesario aumentar a dotación de postos abertos ao subgrupo A1 e ao subgrupo A2, de Administración xeral, para dispor de postos suficientes a ofertar ás persoas que superen os procesos de selección pendentes deste tipo de prazas.

Igualmente, e pola mesma razón, é necesario aumentar a dotación nun posto de técnico/a de informática A1/A2 e outro de técnico/a superior de deportes A1.

En consecuencia, é necesario incrementar a dotación de dez novos postos de técnico/a superior de xestión A1 e tres de técnico/a medio/a de xestión A2, para que poidan adscribirse a eses postos as persoas que aproben as prazas convocadas e ofertadas pendentes de convocar de técnico/a de Administración Xeral A1 e de técnico/a medio/a de xestión A2.

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escal a	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Xestión Tributaria	GT3100	Facenda	2203	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef.RR.HH	2204	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Contratación	CT3000	Ap.Adm.X.Con t	2205	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Atención Cidadá e Interior	IT2500	Ap.Adm..Int.	2206	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Concesións e Patrimonio Municipal	PT1000	Concesións e P.	2207	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2208	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Medio Ambiente	MA1000	Xest.Adm. MA	2209	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos Sociais	SS1100	Cent.e Prog.SS	2210	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos Xerais Benestar	SB1000	Ser.Xer.Benes t	2211	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística	UR4200	Ap. Xef.Interv.	2212	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escal a	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzam. e Est. Eco.	2213	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef.RR.HH	2214	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2215	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY

Undécimo.- Por todo o exposto, procede a modificación da RPT vixente no seguinte senso:

1º.- Modificación da denominación do Servizo de Economía, pasando a denominarse Servizo de Economía e Investimentos, engadindo as seguintes funcións:



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- 14.- Busca activa de investimentos públicos e privados para a cidade.
- 15.- Coordinar a busca de investimentos para a cidade cos distintos servizos, nomeadamente aqueles con incidencia na economía e na facenda local.
- 16.- Procurar a análise económica e social das accións de goberno, con perspectiva socialmente responsable, dixital, sostible, verde e azul, circular...

2º.- Dar nova redacción as funcións atribuídas ao Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, de modo que as funcións resultantes sexan as seguintes:

1. Plan estratéxico de subvencións.
2. Observatorio da calidade dos servizos municipais.
3. Plan anual de contratación.
4. Colaborar cos Servizos de Recursos Humanos e Igualdade e Diversidade no desenvolvemento e seguimento do Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña.
5. Estudo de custes para a contratación administrativa e calquera outro que sexa requirido.
6. Políticas para a mellora da calidade dos servizos públicos estratéxicos, con procesos e procedementos a implantar.
7. Plan Normativo Municipal, coordinación e calidade dos instrumentos normativos municipais.
8. Proxectos de disposicións de carácter xeral e instrucións de servizo relacionadas cos instrumentos de planificación interna.
9. Calquera outro instrumento de planificación que lle encomende a Dirección política e/ou o órgano directivo.

3º.- Modificación da forma de provisión do posto de traballo nomeado Xefatura do Servizo de Economía e Investimentos e do nomeado Xefatura do Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, polo que as condicións e características dos referidos postos quedan da seguinte forma:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escala	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
Economía e Investimentos	EC0000	Economía	2175	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	F			FR14 ED	N	LD	N	TD
Planificación e Calidade dos Servizos	IS0000	Planif e Calid. Serv	194	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/AE	F			FR14 ED	N	LD	S	TD

4º.- Modificación do número de dotación de postos de traballo, aumentando a dotación de dez novos postos de técnico/a superior de xestión A1 e tres de técnico/a medio/a de xestión A2, os cales conteñen as características seguintes e quedan encadrados nos seguintes servizos:

Servizo	Cod.U.Org	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc ala	RE	Req. Esp.	For.Co m	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Xestión Tributaria	GT3100	Facenda	2203	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef. RR.HH	2204	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Contratación	CT3000	Ap.Adm.X.Co nt	2205	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Atención Cidadá e Interior	IT2500	Ap.Adm. .Int.	2206	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Concesións e Patrimonio Municipal	PT1000	Concesións e P.	2207	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2208	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Medio Ambiente	MA1000	Xest.Adm. MA	2209	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos sociais	SS1100	Cent.e Prog.SS	2210	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos Xerais Benestar	SB1000	Ser.Xer.Bene st	2211	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística	UR4200	Ap. Xef.Interv.	2212	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY

Servizo	Cod.U.	Unidade Org.	Ref.	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc	RE	Req.Esp	For.	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
---------	--------	--------------	------	----------------	------	----	-----	-----	----	---------	------	-----------	----	----	----	-----



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

	Org.		posto					ala			Com				
Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzam. e Est. Eco.	2213	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef.RR.HH	2214	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2215	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	AY

5º.- Modificación do número de dotación no seguinte posto de traballo, aumentando a dotación en 1 novo posto de técnico/a superior de deportes, o cal contén as características seguintes:

Servizo	Cod.U.Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escala	RE	Req. Esp.	For.Com	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
Deportes	DJ1300	Inst. Deport.	472 2216	T. Sup. Deportes	2	A1	22	AE	F	5203	Geront.; Min.; EdFisInf.	FR10 ED	N	C	S	AY

6º.- Modificación do número de dotación no seguinte posto de traballo, aumentando a dotación en 1 novo posto de técnico/a de informática, o cal contén as características seguintes:

Servizo	Cod.U.Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc	RE	Req.Esp.	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
Informática	IF4000	Ap. Inform.	2093-2097 2217	T. Informat.	6	A1/A2	22	AE	F	5101;5305;4101;4305 R200; R500	FR09	N	C	S	AY

Duodécimo.- A proposta de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo someteuse á Mesa Xeral de Negociación en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2022.

Décimo terceiro.- En relación coa normativa de aplicación a esta modificación puntual, o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, establece as seguintes características en canto á tramitación das relacións de postos de traballo dentro da administración local:

"1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.

2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente, segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia".

Por outra banda, en canto ao acervo xurídico existente nesta materia, cómpre salientar como os acordos de aprobación das relacións de postos de traballo, ao igual que para os cadros de persoal, constitúen unha das manifestacións do exercicio da potestade de autoorganización municipal recoñecida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tal e como se fundamenta na proposta obxecto de análise.

O TC tivo ocasión de declarar en diversas ocasións (Sentenzas do TC do 18 de outubro de 1993, do 29 de marzo de 1990, ou do 23 de abril de 1986, entre outras) a ampla marxe de que gozan as Administracións Públicas á hora de consolidar, modificar ou completar as súas estruturas organizativas, así como para configurar ou concretar o estatus do persoal ao seu servizo. Iso é unha manifestación da potestade de autoorganización das Administracións locais recoñecida no artigo 4 da LRBRL, a cal está referida, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e cos límites que estableza o lexislador, debendo en todo caso respectar a preceptiva negociación sindical do TREBEP.



Consecuentemente, é cada Administración a que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización, potestade que se materializa mediante a aprobación ou modificación das correspondentes relacións de postos de traballo.

Segundo a doutrina xurisprudencial consolidada, a dita potestade administrativa, que ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de Goberno municipal, como ten sucedido na modificación puntual obxecto da presente proposta.

A RPT, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, ten un carácter flexible que, en aras dunha maior eficacia e racionalidade organizativa, debe adaptarse, en cada momento, ás necesidades da administración municipal, circunstancias que motivan a presente proposta de modificación puntual.

Tómanse tamén como referencia, para os efectos da fundamentación xurídica, diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a título de exemplo, a de 2 de outubro e a de 5 de decembro de 2019, que fundamentan a potestade de modificación das relacións de postos de traballo no artigo 103 da Constitución española de 1978, ao atribuír á Administración a capacidade de organización e coordinación dos seus servizos de cara a unha maior eficacia.

Esta doutrina está asentada noutras sentenzas do Tribunal Supremo, por exemplo a de 12 de xullo de 2012. Cabe indicar, a maiores, que no expediente consta unha exhaustiva motivación de cada decisión, adecuadamente negociada, engadindo, ademais, que non se limitan, senón que se melloran os dereitos dos empregados e das empregadas municipais.

Todos os cambios incorporados a esta modificación puntual da RPT responden ás necesidades dos servizos municipais, e foron negociadas en Mesa Xeral, como se deduce de todo canto vai dito.

Décimo cuarto.- O órgano competente para a adopción deste acordo é a Xunta de Goberno Local.

Á vista do anterior, de acordo co establecido nos artigos 91 e 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, e demais normas concordantes, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña, de acordo cos antecedentes que constan no expediente e que se recollen no anexo que se achega coa presente proposta.

SEGUNDO: Someter o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións. O prazo de vinte días iniciarase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP.

Se durante o prazo establecido non se presentasen alegacións, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

Antonio García Mira
Xefe do Servizo de Recursos Humanos

Manuel Ángel Jove Losada
Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior



José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

ANEXO

1º.- Modificación da denominación do Servizo de Economía, pasando a denominarse Servizo de Economía e Investimentos, engadindo as seguintes funcións:

- 14.- Busca activa de investimentos públicos e privados para a cidade.
- 15.- Coordinar a busca de investimentos para a cidade cos distintos servizos, nomeadamente aqueles con incidencia na economía e na facenda local.
- 16.- Procurar a análise económica e social das accións de goberno, con perspectiva socialmente responsable, dixital, sostible, verde e azul, circular...

2º.- Dar nova redacción as funcións atribuídas ao Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, de modo que as funcións resultantes sexan as seguintes:

1. Plan estratéxico de subvencións.
2. Observatorio da calidade dos servizos municipais.
3. Plan anual de contratación.
4. Colaborar cos Servizos de Recursos Humanos e Igualdade e Diversidade no desenvolvemento e seguimento do Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña.
5. Estudo de custes para a contratación administrativa e calquera outro que sexa requirido.
6. Políticas para a mellora da calidade dos servizos públicos estratéxicos, con procesos e procedementos a implantar.
7. Plan Normativo Municipal, coordinación e calidade dos instrumentos normativos municipais.
8. Proxectos de disposicións de carácter xeral e instrucións de servizo relacionadas cos instrumentos de planificación interna.
9. Calquera outro instrumento de planificación que lle encomende a Dirección política e/ou o órgano directivo.

3º.- Modificación da forma de provisión do posto de traballo nomeado Xefatura do Servizo de Economía e Investimentos e do nomeado Xefatura do Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, polo que as condicións e características dos referidos postos quedan da seguinte forma:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref.post o	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escal a	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
Economía e Investimentos	EC0000	Economía	2175	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/A E	F			FR14 ED	N	LD	N	TD
Planificación e Calidade dos Servizos	IS0000	Planif e Calid. Serv	194	Xef. de Servizo	1	A1	28	AG/A E	F			FR14 ED	N	LD	S	TD

4º.- Modificación do número de dotación de postos de traballo, aumentando a dotación de dez novos postos de técnico/a superior de xestión A1 e tres de técnico/a medio/a de xestión A2, os cales conteñen as características seguintes e quedan encadrados nos servizos que se detallan:

Servizo	Cod.U.Org	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc ala	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Xestión Tributaria	GT3100	Facenda	2203	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef. RR.HH	2204	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Contratación	CT3000	Ap.Adm.X.Cont	2205	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Atención Cidadá e Interior	IT2500	Ap.Adm. .Int.	2206	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Concesións e Patrimonio Municipal	PT1000	Concesións e P.	2207	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2208	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Medio Ambiente	MA1000	Xest.Adm. MA	2209	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos sociais	SS1100	Cent.e Prog.SS	2210	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Servizos Xerais Benestar	SB1000	Ser.Xer.Benest	2211	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY
Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística	UR4200	Ap. Xef.Interv.	2212	T. Sup. Xestión	1	A1	22	AG	F			FR10	N	C	S	AY

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Esc ala	RE	Req. Esp.	For. Com	Elem.Esp.	TP	FP	UE	Adm
Orzamentos e Estudos Económicos	SH0000	Orzam. e Est. Eco.	2213	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY
RR HH	PE4000	Ap.Xef.RR.HH	2214	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY
Tesourería Xeral	TG3000	Ap.Adm. TX	2215	T. Med. Xestión	1	A2	20	AG	F			FR09	N	C	S	AY

5º.- Modificación do número de dotación no seguinte posto de traballo, aumentando a dotación en 1 novo posto de técnico/a superior de deportes, o cal contén as características seguintes:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escala	RE	Req. Esp.	For.Com	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Deportes	DJ1300	Inst. Deport.	472 2216	T. Sup. Deportes	2	A1	22	AE	F	5203	Geront.; Min.; EdFisInf.	FR10 ED	N	C	S	AY

6º.- Modificación do número de dotación no seguinte posto de traballo, aumentando a dotación en 1 novo posto de técnico/a de informática, o cal contén as características seguintes:

Servizo	Cod.U. Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto traballo	Dot.	Gr	Niv	Escala	RE	Req.Esp.	Elem. Esp.	TP	FP	UE	Adm
Informática	IF4000	Ap. Inform.	2093-2097 2217	T. Informat.	6	A1/A2	22	AE	F	5101;5305;4101;4305 R200; R500	FR09	N	C	S	AY